

REQUIRIMENTO DA DOCUMENTACIÓN PREVISTA E SELECCIÓN DAS PRAZAS OFERTADAS NO PROCESO SELECTIVO DE ESTABILIZACIÓN, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, CONVOCADO POLA RESOLUCIÓN DO 15 DE DECEMBRO DE 2022 PARA A CATEGORÍA DE FISIOTERAPEUTA.

A base 10.4 da resolución da convocatoria do concurso-oposición para o ingreso na categoría de fisioterapeuta convocado mediante a Resolución do 15 de decembro de 2022 (DOG núm. 3 do 4 de xaneiro) establece que, co fin de asegurar a cobertura das prazas convocadas, no suposto de situacións en que as persoas seleccionadas por diversos motivos non continúen no proceso, cubrirase a baixa coa persoa aspirante incluída inmediatamente a continuación na relación de seleccionadas, pola orde de prelación que resulte da lista definitiva, con independencia da quenda de acceso.

Unha vez finalizado o prazo de elección de destino e tendo en conta que resultaron prazas vacantes, esta dirección procede REQUIRIR as persoas aspirantes que se relacionan no Anexo I deste documento para que **no prazo de 10 días hábiles**, presenten a documentación prevista na base 9.1 da convocatoria nun rexistro administrativo ou a través de calquera dos procedementos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, dirixida á Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde; Edificio Administrativo San Lázaro, s/n, 15703 Santiago de Compostela:

a) Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado/a do servizo, mediante expediente disciplinario, de calquera servizo de saúde ou Administración pública nos seis anos anteriores á convocatoria, nin estar inhabilitado/a con carácter firme para o exercicio de funcións públicas nin, de ser o caso, para a correspondente profesión.

No caso dos/das nacionais doutro Estado membro, non atoparse inhabilitado/a, por sanción ou pena, para o exercicio profesional ou para o acceso a funcións ou servizos públicos nun Estado membro, nin ser separado/a, por sanción disciplinaria, dalgunha das administracións ou servizos públicos nos seis anos anteriores á convocatoria.



b) Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que o/a imposibiliten para o exercicio das funcións propias da categoría.

c) Por exixencia do artigo 57 da Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia, certificación do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais e de Trata de Seres Humanos de non ter sido condena-do/a por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual ou, na súa falta, autorización escrita ao Servizo Galego de Saúde para consultar os datos contidos no citado rexistro e solicitar no seu nome a oportuna certificación. Esta autorización deberá prestarse no modelo que, para o efecto consta na páxina web do Servizo Galego de Saúde, na epígrafe relativo a emprego público (www.ser-gas.es/emprego público).

d) Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter a condición de persoal estatutario fixo da mesma especialidade á que opta.

Se dentro do prazo fixado as persoas aspirantes que se relacionan no anexo non presentase a documentación ou do exame dela se deducise que carece dalgún dos requisitos para participar no proceso selectivo, quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude inicial. Neste caso así como no caso de renuncia ou selección de destinos insuficientes se convocará a seguinte persoa aspirante pola orde de prelación da lista definitiva.

SEGUNDO.- Requerir as persoas aspirantes que se relacionan no Anexo I para realizar a elección de destino entre as prazas que se recollen no Anexo II.

Para estes efectos debe manifestar a ELECCIÓN ou a súa RENUNCIA ás prazas ofertadas. As prazas adxudicáranse entre as persoas aspirantes seleccionadas neste procedemento pola orde de puntuación acadada no concurso-oposición.

Santiago de Compostela,

O Subdirector xeral de Selección de Persoal

do Servizo Galego de Saúde

[sinatura dixital á marxe]

Daniel Potel Villar





ANEXO I: Persoas aspirantes pola orde de prelación

Categoría	Posto	DNI	Apelidos e nome
FISIOTERAPEUTA	66	***3277**	FERRERO REFOJOS, PAOLA
FISIOTERAPEUTA	67	***4517**	DIZ GOMEZ, ANA ISABEL
FISIOTERAPEUTA	68	***3533**	SASTRE GARCIA, ENRIQUE
FISIOTERAPEUTA	69	***6455**	BECERRA SEXTO, LUCIA
FISIOTERAPEUTA	70	***7334**	REY ROMERO, JORGE JUAN
FISIOTERAPEUTA	71	***5089**	CABANAS RODRIGUEZ, HERMES
FISIOTERAPEUTA	72	***3566**	MOSCOSO DIAZ, REBECA
FISIOTERAPEUTA	73	***3135**	NAVA RIERA, MONICA

ANEXO II: Prazas ofertadas para a elección de destino (base 10.4)

Centro directivo	Centro	Quenda	Num. prazas
A.S. de Pontevedra e O Salnés	Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra	--	1
A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago	--	2
A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Hospital Público de Verín	--	3
A.S. de Ferrol	Complexo Hospitalario Arquitecto Marcide	--	1
A.S. de Vigo	Complexo Hospitalario Universitario de Vigo	--	1

